

Grañas innovadoras na linguaxe non sexista: unha proposta para a súa etiquetaxe automática

Eva M.^a Domínguez Noya
USC/CRPIH
edomin@cirp.gal

Fco. Mario Barcala Rodríguez
NLPgo Technologies S. L.
barcala@nlpgo.com

Resumo

Nas últimas décadas documéntanse na lingua escrita formas gráficas que escapan do masculino empregado como termo non marcado da oposición xenérica e buscan visibilizar o feminino ou tentan fuxir do xénero como clasificador dual.

Entre as opcións que se propoñen destacan a duplicación dos termos (*os alumnos e as alumnas*), a escolla dun termo aglutinador (*o alumnado*) e a introdución de grañas innovadoras: 1) aquelas que inclúen explicitamente os dous xéneros (*os/as alumnos/as*); 2) as que crean artificialmente un termo que engloba o masculino e o feminino (*@s alumn@s*); e 3) aquelas que superan o binomio masculino/feminino (*Xs alumnXs, *s alumn*s*).

Como sabemos, as duplicacións atentan contra o principio de economía lingüística e resultan pesadas para o lector/oínte, mais non teñen repercusións posteriores no recoñecemento automático dun texto. Porén, a introdución das grañas innovadoras modifica substancialmente a situación, pois coa súa inserción xorden formas que non existen nos dicionarios.

Neste traballo damos conta da tipoloxía de formas con grañas innovadoras presentes no *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), e describimos a solución adoptada no sistema XIADA para identificar e caracterizar morfosintacticamente tales formas, co fin de aplicala logo na etiquetaxe automática do corpus.

Palabras clave: linguaxe non sexista, etiquetaxe automática, corpus, galego

1. Introducción

Nas últimas décadas prodúcense casos de achegamento entre sexo, trazo extralingüístico, e xénero, categoría gramatical.¹ Un sector da poboación entende que o masculino é o termo non marcado da oposición xenérica debido a unha visión androcéntrica, ou sexa, por seren tradicionalmente os homes os que posuían o poder, e percibe este uso como unha evidencia machista que se debe desbotar. En consecuencia, ese sector non sente que as diferentes identidades xenéricas estean representadas no masculino empregado como termo non marcado e invita, polo tanto, a loitar para acadar a igualdade entre homes e mulleres tamén dende a lingua, facendo visible o xénero feminino, mais tamén anulando a distinción xenérica como elemento clasificador dual.

Entre as opcións que se propoñen destacan a duplicación dos termos (*os alumnos e as alumnas*), a escolla dun termo aglutinador (*o alumnado*) e a introdución de grañas innovadoras: 1) aquelas que inclúen explicitamente os dous xéneros (*os/as alumnos/as, as/os alumnas/os*); 2) as que crean artificialmente un novo termo que engloba tanto o masculino coma o feminino (*@s alumn@s*); e 3) aquelas coas que se supera o binomio

¹ Por motivos de espazo non podemos realizar unha revisión sobre a caracterización do xénero como categoría gramatical nin abordar as discusións sobre xénero e sexo. Véxanse, por exemplo, Bosque (2012), Moure (2012), Márquez (2013) ou Gutiérrez (2018).

masculino/feminino (*Xs alumnXs, *s alumn*s*) ao entender o xénero como un contínuum que non se debe constrinxir.

De todos é sabido que as duplicacións atentan contra o principio de economía lingüística, ademais de resultar molestas e pesadas para o lector ou oínte, mais non teñen repercusións ulteriores no recoñecemento e tratamento automático dun texto. Agora ben, a introdución de grañas inclusivas modifica substancialmente a situación, pois coa súa inserción xorden formas que non rexistran os dicionarios ou lexicóns cos que traballan os etiquetadores, polo que se dificulta a súa identificación e caracterización automáticas.

2. O CORGA

O *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) é unha colección de documentos almacenados en formato electrónico na que se integran distintos tipos de textos representativos do uso da lingua galega actual: xornais, semanarios, revistas, blogs, ensaios e textos de ficción (novelas, relatos curtos, obras de teatro e guións televisivos). Na versión 3.0 iníciase así mesmo a representatividade do rexistro oral coa inclusión de transcripcións para a década dos noventa, que se irán estendendo aos demais períodos. Os documentos codifícanse na linguaxe estándar XML (*eXtensible Markup Language*) e abranguen cronoloxicamente dende 1975 ata a actualidade. O corpus está dispoñible para a súa consulta en liña no enderezo <http://corpus.cirp.gal/corga> e o acceso a el é totalmente libre e de balde.

Para facilitar a recuperación de información e poder realizar procuras nas que a abstracción lingüística exerce un papel fundamental, o corpus enriqueceuse coa etiquetaxe automática de todos os documentos que o conforman empregando o *Etiquetador/Lematizador do Galego Actual* (XIADA),² desenvolvido conxuntamente polo Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades e o grupo COLE das universidades da Coruña e Vigo. Deste xeito pódese buscar, con ou sen expresións regulares, tanto por palabra completa, parte dunha palabra ou varias palabras ou partes, contiguas ou non, como por categoría gramatical, trazos morfolóxicos ou lemas. Ademais, pódense empregar como parámetros selectores os diversos criterios de clasificación textual, combinables entre si en función das necesidades do usuario: período temporal, tipo de documento, área temática, parte do documento etc.

O CORGA rexistra abondosas ocorrencias das variantes que os autores empregan para evitar o sexismo na linguaxe. Deseguido recolleemos un exemplo de cada opción (destacado en letra grosa para facilitarmos a súa localización):

Duplicación dos termos

Carlos Blanco: **os alumnos e as alumnas admitidos e admitidas** ó programa de práctica orquestral <pausa/> eh <pausa/> referiranse <pausa/> reuniranse en fins de semana alternos <pausa/> en horario de once a catorce trinta <pausa/> para ensaios parciais <pausa/> e de catro e media a oito <pausa/> para os ensaios <pausa/> eh <pausa/> colectivos [CORGA: *Diario Cultural*. 30/12/1996]

En certa maneira, **as alumnas e os alumnos** participantes quixeron deixar claro que os recursos para salvar ao planeta da desfeita virán xusto da man dos axentes principalmente responsables, os seres humanos. [CORGA: *Código Cero* / CC2008-11/8]

Termo xenérico

o criterio das familias en infantil permitiría que **o alumnado** non escoitase nin chío na lingua do país até os seis anos. [CORGA: *Sermos Galiza* / SG2012-09-21/5]

Grañas innovadoras inclusivas ~ xenéricas

² Véxase <http://corpus.cirp.gal/xiada>

Leve **ó/á seu/súa benedictino/a favorito/a** a este remanso e non se arrepentirá. [CORGA: *Galicia Internacional / GI1996-07/19*]

O máis rechamante é o feito de que o galego non é requisito para ser **xuíz/a**, fiscal ou **secretaria/o** xudicial, que son corpos estatais. [CORGA: *Galicia Hoxe / GH2011-03-07/59*]

Facendo xuntanzas na escola do pobo _ou na casa **d@ veciñ@** se na aldea non había escola_ naceu Preescolar na Casa. [CORGA: *Sermos Galiza / SG2012-06-22/20*]

As variantes con ‘X’ e ‘*’ só se documentan no CORGA nun texto ensaístico como información metalingüística:

O uso de xenéricos _do tipo de alumnado ou cidadanía_, a duplicación _alumnos e alumnas_ ou mesmo formas ortográficas abertamente innovadoras _alumn@s, **alumn*s**, **alumnXs**_ pretenden evitar que o masculino sexa considerado a forma estándar. [CORGA: T. Moure, *Queer-mos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, Galaxia, 2012]

Non resulta estraño atopar máis dunha alternativa na mesma secuencia (emprego da barra e a arroba na primeira das seguintes ocorrencias; barra, duplicación e arroba na segunda) ou incluso incongruencias por non empregaren os termos para ambos os dous xéneros en todos os casos (as tres últimas secuencias desta serie):

Ademais das axudas á incorporación de **moz@s** á actividade agraria, engadíanse outras como as de mellora das estruturas de produción das explotacións, o asesoramento ou o fomento de métodos de produción compatíbeis co ambiente, en que se primaba a condición de **agricultor/a nov@**. [CORGA: *Sermos Galiza / SG2012-09-14/8*]

Que pexas viviron ou pensan que hai para **un/ha autora ou autor nov@** á hora de se achegar ao sistema editorial, á hora de publicar? [CORGA: *Sermos Galiza / SG2012-11-30/24*]

A **meus cuñados/as**: Picón, Marina, Olga e Marisa [CORGA: R. X. Losada, *O xene da chuvia*, Edicións do Castro, 2005]

O longo debate comeza por saber cal será o sexo **do terceir@** en cuestión. [CORGA: C. Franco, *Palabras contadas / VII*, Xerais, 2006]

Como se **os galegos/as** non fôsemos **sensatos**. [CORGA: *Sermos Galiza / SG2012-11-09/4*]

Así mesmo, documéntanse casos nos que se crean formas inexistentes, como ocorre nas secuencias que seguen:

A pesar dos datos, non hai unha resposta política para o sector, manténdose o continuísmo nas campañas de promoción turística que se centran en atraer @ visitante **español@**. [CORGA: *Sermos Galiza / SG2012-08-31/12*]

Xacio Baño: Imos ver, eu creo que a clave é apoiar @ **creador@**. [CORGA: *Sermos Galiza / SG2012-09-28/25*]

Ao noso parecer, estes casos deben verse só como descoidos no celo por acadar unha expresión non sexista, o que leva a que non se repare en que aquí a ‘@’ non substitúe as vogais ‘a’, ‘o’ ou ‘e’, como fai en **alumn@** ou **mestr@**, senón que, en paralelismo con estas formas, engade un carácter no masculino, de xeito que se prescinde das formas canónicas do masculino e se deducen/crean as formas aberrantes **español@* ou **creador@* dos exemplos anteriores. Constátase así unha limitación na aplicación da ‘@’ como forma xenérica integradora nas formas cuxo masculino singular remata en consoante.

Tamén a ‘/’ presenta limitacións provocadas por cambios que se producen nas grafías entre formas masculinas e femininas, debidas principalmente a acentuación, cambio c/z, feminino irregular etc., o que dá lugar a inconsistencias. Por exemplo:³

³ A semellanza do que indica Gutiérrez (2018), *avós/as* e *rapaces/as* atentan contra o sistema, mentres que *actores/as* transgride a norma.

Cada un tiña o seu lugar preferido para estar en calquera parte da inmensa mansión e todos facían vida con horarios tan diferentes que era raro, moi raro, que coincidisen dous **avós/as** na mesma habitación a un tempo. [CORGA: M. A. Murado, *Memoria de derribos*, Galaxia, 1993]

Outro dos xogos que os **rapaces/as** de tódolos ciclos da EXB non se cansan de repetir. [CORGA: X. R. Jares, *Técnicas e Xogos Cooperativos para toda-las idades*, Vía Láctea, 1989]

A social-democracia española, nas súas diferentes carautas foi convocada para asistir a ese casting con posíbeis **actores/as** ad hoc. [CORGA: *Galicia Hoxe / GH2011-03-09/88*]

Dende o punto de vista do procesamento automático, as palabras con '@', '/', '*' ou 'X', (*alumn@s*, *alumnos/as*, *alumnas/os*, *alumnXs*, *alumn*s*) presentan dificultades para o seu recoñecemento. Por unha banda, son unidades para as que non consta información no lexicón; por outra banda, no corpus de adestramento só se rexistrou un caso con dobre flexión (*alumnos/as*), que foi tratado provisionalmente como se estivésemos ante termos duplicados (*alumnos / alumnas*), co que o etiquetador non pode extraer de aí tampouco información referente á forma, o lema ou a etiqueta; por último, en relación co módulo de adivinación, as terminacións das palabras con grañas innovadoras inciden, a efectos formais, no número e no xénero, mais non son identificables cunha clase de palabra –fronte ao sufixo *-mente*, por exemplo, creador de adverbios–. Os factores anteriores provocan que o etiquetador non analice ben moitas destas ocorrencias, como se exemplifica na figura 1, onde debido á terminación *-as* presente en *moitos/as deputados/as galegos/as* identifica esas formas co feminino plural, mentres que a clase de palabra, errónea nos tres casos, entendemos que a escolle baseándose na estatística:

Título: Galicia Hoxe / GH2008-08-04/93		Autor: Lalas, Ramón		Editorial: Editorial Compostela	
Ano: 2008		Medio: Xornal		Sección: Opinión	
Orixe: Escrita		Bloque: Non ficción		Xénero: Xornalístico	
Subtipo: Xornal		Área temática: Política / Asuntos sociais / Socioloxía e psicoloxía		Sección no texto: corpo	
de non haber vivo que votase no franquismo , pasou a que puidesen votar até os mortos .					
Que algo terán que dicir tamén do país ;					
cando menos , fan o mesmo ca moitos/as deputados/as galegos/as .					
cando menos	,	fan	o	mesmo	ca moitos/as deputados/as galegos/as
La0	Q,	Vpi30p	Ddms	Inms	Cs Scfp A0fp Scfp Q
cando menos	,	facen	o	mesmo	ca * * *
E aínda por riba , non gastan en dietas .					

Fig. 1. Imaxe da análise automática da ocorrencia *deputados/as* tirada do CORGA.

Entre as posibilidades que xorden para facilitar o recoñecemento automático non parece aconsellable separar e/ou duplicar as formas coa barra (*alumnos/as > alumnos / alumnas*) de xeito que se convertan en tres tokens, por canto supón manipular a ortografía dos documentos e reconstruír constituíntes, sabendo que non estamos ante amálgamas coma as contraccións. Ademais, esta opción non é aplicable no caso da arroba (*alumn@s*), o asterisco (*alumn*s*) ou o X (*alumnXs*), posto que non está presente sequer a dobre flexión.

Malia que unhas se vexan como integradoras dos dous xéneros (*alumnos/as*, *alumnas/os*, *alumn@s*) e outras se perciban xenericamente indeterminadas (*alumn*s*, *alumnXs*), cremos que todas estas formas deben verse como novos membros do paradigma de *alumno*, co que o seu tratamento debe ser parello ao dos demais compoñentes do paradigma. Imos ver, pois, onde se produce a identificación e clasificación de *alumno*.

3. O sistema XIADA

XIADA é o nome que recibe o sistema que acolle o Etiquetador/Lematizador do Galego Actual⁴ e mais todos os recursos que este precisa para poder etiquetar cunha alta taxa de precisión os textos do CORGA. A seguinte figura esquematiza a súa composición:

⁴ Pode verse unha versión de demostración no enderezo <http://corpus.cirp.gal/xiada/>

XIADA



Fig. 2. O sistema XIADA. Gráfico elaborado a partir de Domínguez (2013).

Como vemos na figura, o lexicón é o recurso principal do que se vale o etiquetador para identificar as formas ortográficas presentes nun texto e caracterizalas morfosintacticamente. Mais nel non hai formas, estas teñen que ser xeradas a partir da información que figura en cada entrada. É dicir, creamos modelos formais que reducen a flexión nas categorías variables para facilitar a introdución do vocabulario no lexicón. As vantaxes deste sistema son obvias, pois subsúmense nunha única entrada, por exemplo, as 75 formas do paradigma de *cantar*, e ademais derívanse ao modelo de *cantar*, grupo V1, os cerca de 4500 verbos que seguen ese padrón. No caso dos substantivos comprobamos as vantaxes na figura 3 relativa a *alumno*, tirada do lexicón de XIADA, onde vemos unha entrada que consta de raíz (parte común a todo o paradigma: *alumn*), subetiqueta (a clase de palabra e subtipo: *substantivo común*), e un grupo de derivación, o G1, ademais de información sobre a normatividade do lema e a fonte da que se parte para a súa incorporación ao lexicón:

		Raíz	Subetiqueta	Grupo	Lema	Hiperlema	Normativa lema (2003)	Categoría lema	Fonte	Lexicón
1	x	alumn	Sc	G1	alumno	alumno	si	S	volga_2004	xeral

Fig. 3. Imaxe da entrada correspondente a *alumno* no lexicón de XIADA.

O G1 é o grupo de derivación ao que remitimos as raíces que seguen o modelo formal representado por *nen*; nel figuran as terminacións que completan cada forma flexiva concreta e a súa caracterización morfolóxica (fp=feminino plural, fs=feminino singular, mp=masculino plural e ms=masculino singular); ou sexa, no G1 acaban de formarse e caracterizarse, seguindo co exemplo, *alumnas*, *alumna*, *alumnos* e *alumno*, como pode verse na figura 4:

Grupo	Representante	Lema	Significado
G1	nen	nen	
Desinencia	Subetiqueta	Normativa	Seguinte grupo
as	fp	si	
a	fs	si	
os	mp	si	
o	ms	si	

Fig. 4. Imaxe coa información presente en XIADA para o grupo G1.

Así pois, a solución para o procesamento dos substantivos, adxectivos, participios etc. que aparecen no CORGA con formas innovadoras para o xénero consiste maioritariamente en implementar no lexicón de XIADA as terminacións @, @s, o/a, os/as, a/o, as/os, X, Xs, * e *s nos grupos de derivación afectados.

Con todo, antes debemos decidir como caracterizamos esas formas con respecto ao xénero. Parece claro que *alumn@s* ~ *alumnos/as* ~ *alumnas/os* ~ *alumnXs* ~ *alumn*s* diverxen do tipo *alpinista*, común en canto ao xénero a nivel de palabra, pero coa posibilidade de outorgarlle o xénero feminino ou o masculino en función dos determinantes ou as concordancias que con ela se empreguen. En consecuencia, a opción de tratalas como formas ambiguas masculinas/femininas non parece axeitada, pois por unha banda non hai ambigüidade nelas, sempre van posuír o mesmo valor; e pola outra banda, as terminacións '@', 'o/a' e 'a/o' poden verse como inclusivas, integradoras, pero isto non é posible coas terminacións con 'X' ou con '*', onde se dilúe calquera parecido cos tradicionais morfemas de xénero ao eliminar a posible semellanza cun feminino ou un masculino. Na nosa opinión, son dúas maneiras diferentes de loitar contra a visión androcéntrica da lingua que teñen en común o establecemento dun novo termo xenericamente non marcado, motivo polo que o valor caracterizador do xénero gramatical escollido vai ser precisamente *xenérico*. Obviamente, é un valor non recoñecido nas gramáticas e a súa implantación obedece a unha decisión de traballo. Así e todo, cremos que debe abrirse un debate lingüístico, non tanto para avalar ou prescribir estas formas, dirección na que se encamiñan a maioría dos esforzos, senón máis ben para establecer os cambios que coa súa inclusión se producen na categoría gramatical xénero.

Sabemos pois onde introducir as desinencias e que valores lles imos asignar. Falta determinar se implementamos todas as variantes en cada un dos grupos afectados ou se nos cinguimos ao que dita o uso, opción esta última pola que nos decidimos. Cómpre entón unha análise dos resultados. Os datos que nos proporciona o CORGA resúmense na táboa seguinte:

	Ocorrencias	Formas diferentes	1 aparición	Forma máis frecuente
@	68	43	35	@ [14] ⁵
@s	1335	328	216	@s [234]

⁵ A cifra entre corchetes desta columna indica o número de ocorrencias da forma en cuestión.

o/a	148	74	68	o/a [12]
os/as	277	100	71	os/as [40]
a/o	20	16	14	a/o; tenreira/o [2]
as/os	78	41	30	as/os [11]
án/á	3	1	-----	cidadán/á [3]
e/a	1	1	1	mestre/a [1]
ón/oa	1	1	1	anfitrión/oa [1]
l/a	2	1	-----	aquel/a [2]
un/ha	7	1	-----	un/ha [7]
un/a	2	1	-----	un/a [2]
r/a	67	25	12	educador/a [9]
z/a	1	1	1	xuíz/a [1]
áns/ás	2	2	2	cidadáns/ás [1], irmáns/ás [1]
es/as	78	35	19	traballadores/as [9]
as/es	26	17	15	educadoras/es [7]
x ~ X	-----	-----	-----	-----
xs ~Xs	-----	-----	-----	-----
*	-----	-----	-----	-----
*s	-----	-----	-----	-----

Táboa 1. Datos tomados do CORGA sobre as variantes gráficas innovadoras e as súas ocorrencias.

Na táboa conséntase a ausencia de uso na lingua real das variantes con ‘X’ e ‘*’, polo que só introduciremos as desinencias con ‘@’ e ‘/’.

Así pois, decidido o valor xenérico e mais as desinencias, o deseño do lexicón facilita, como se exemplifica na táboa 2 para os grupos de derivación G1, G5, G6 e G13, a identificación e caracterización morfosintáctica de todos os substantivos, adxectivos e demais elementos que seguen os modelos formais representados respectivamente por *nenos*, *inglés*, *aquel* e *este*, incluídos todos os participios regulares, xa que só hai que implementar as terminacións destacadas e a súa caracterización:

G1 (nenos)	G5 (inglés)	G6 (aquel)	G13 (este)	Subetiqueta	Exemplos ⁶
o	és		e	masculino singular	<i>nenos, inglés, aquel, este</i>
a	esa	a	a	feminino singular	<i>nena, inglesa, aquela, esta</i>
os	eses	es	es	masculino plural	<i>nenos, ingleses, aqueles, estes</i>
as	esas	as	as	feminino plural	<i>nenas, inglesas, aquelas, estas</i>
@	-----	-----	@	xenérico singular	<i>nen@, est@</i>
@s	es@s	@s	@s	xenérico plural	<i>nen@s, ingles@s, aquel@s, est@s</i>
o/a	-----	/a	e/a	xenérico singular	<i>nenos/a, aquel/a, este/a</i>
os/as	eses/as	es/as	es/as	xenérico plural	<i>nenos/as, ingleses/as, aqueles/as, estes/as</i>
a/o	-----	-----	a/e	xenérico singular	<i>nena/o, esta/e</i>
as/os	esas/es	as/es	as/es	xenérico plural	<i>nenas/os, inglesas/es, aquelas/es, estas/es</i>

Táboa 2. Desinencias e subetiquetas dos grupos de derivación máis produtivos para as formas innovadoras.

⁶ Os exemplos non aparecen no lexicón, recollémolos aquí só con efectos ilustrativos.

A inclusión destas formas repercute no etiquetario ou *tagset*, dado que se engade o valor *xenérico* no atributo *xénero* afectando as clases de palabra substantivo, adxectivo, verbo, artigo, demostrativo, relativo, posesivo, indefinido, pronome e interrogativo-exclamativo. Así mesmo, repercute tamén no *kernel* ou núcleo de XIADA, onde están recollidas todas as etiquetas como mínimo unha vez, ao ter que dar cabida á análise de secuencias nas que aparezan as novas etiquetas: *Scxs* (substantivo, común, xenérico, singular), *Scxp* (substantivo, común, xenérico, plural), *A0xs* (adxectivo, grao non aplica, xenérico, singular), *A0xp* (adxectivo, grao non aplica, xenérico, plural), *V0p0xs* (verbo, tempo non aplica, participio, persoa non aplica, xenérico, singular) etc.

Finalmente, cando as grafías innovadoras están implicadas en contraccións (*d@*, *del@s*, *da/o*, *polos/as* etc.) ou formas verbais con pronomes enclíticos (*trael@s*, *escoital@s*, *axudalos/as*, *derivarémos/as* etc.), o recoñecemento non se realiza a través do lexicón, senón en bases de datos externas nas que se identifican os compoñentes de cada amálgama e os seus posibles valores, mais o procedemento non difire do aquí explicado: introdución das formas coas novas desinencias.

4. Conclusión

O paradigma flexivo daquelas palabras que reflicten unha oposición fundamentada no trazo extralingüístico sexo amplíase no lexicón de XIADA coas formas innovadoras neutralizadoras ou inclusivas do xénero ao inserirmos as súas terminacións nos grupos de derivación pertinentes, co fin de posibilitar a súa etiquetaxe automática. Estas formas innovadoras comparten o mesmo lema que os demais membros do paradigma e caracterízanse por presentar o valor que definimos como *xenérico* para a categoría gramatical xénero.

Referencias bibliográficas

- Bermúdez Blanco, M. e A. Cid Fernández (2011). *Criterios de linguaxe non sexista*. Servizo de Normalización Lingüística / Oficina de Igualdade de Xénero, Universidade de Santiago de Compostela.
- Bosque, I. (2012). *Sexismo lingüístico y visibilidad de la mujer*. Publicado en: <http://www.rae.es/sites/default/files/Sexismo_linguistico_y_visibilidad_de_la_mujer_0.pdf>. [Consultado o 13 de febreiro de 2018].
- Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (2017). *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) [3.0]. Publicado en: <<http://corpus.cirp.gal/corga/>>. [Consultado en febreiro e marzo de 2018].
- Domínguez Noya, E. M.^a (2013). *Etiquetaxe e desambiguación automáticas en galego: o sistema XIADA*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Publicado en: <<http://hdl.handle.net/10347/9587>>.
- Gutiérrez, S. (2018). “Sobre ‘pilota’, ‘portavoza’, ‘miembra’ y otros femininos”. Publicado en: <<http://www.elmundo.es/espana/2018/02/10/5a7df963ca474179478b4698.html>>. [Consultado o 13 de febreiro de 2018].
- Márquez Guerrero, M. (2013). *Género gramatical y discurso sexista*. Síntesis: Madrid.
- Moure, T. (2012). *Queer-mos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*. Galaxia: Vigo.